

XII 12 burgojazz

Aula de Natureza "Juan Lembeye" Xardín Botánico
"Ría do Burgo" do 12 ao 15 de xullo ás 21:30 horas

xoves 12 Rapazz Quintet



Rapazz, naceu alá polo ano 2008 cando catro músicos afeccionados, amantes do jazz, decidiron embarcarse na aventura de interpretar esa música vitalista e universal. E o fixeron versionando temas de moi diversos estilos: swing, blues, funky, bossa... tratando en todos eles, de darlles un toque persoal e creativo.

A súa proposta musical é sinxela, pero moi sincera, e apunta directamente ás emocións. As emocións dos músicos ao interpretar e as do público ao escoitar. Esa complicidade, e ese compromiso, é o que Rapazz busca incansablemente. Decía o gran Louis Amstrong: "A xente ama a miña música porque sabe que eu a amo e cando toco penso nos meus mellores días felices, e é entón cando as notas chegan solas... Debes amar para poder tocar".

Estamos falando de música e de emocións...estamos falando de jazz

Victoria Álvarez Acón, voz
Alberto Cabezas, batería
Enrique Fernández Tornero, piano
Javier López Pallarés, baixo eléctrico
Diego Rodríguez Sánchez, trombón
Luis Ramas Ramírez, saxos

venres 13 Cronology



A formación que da orixen ao cuarteto parte do trío formado en el 2008 por Seir, Pablo e Chus.

Ao rematar este verán decidimos incorporar a Javier Pereiro, co que se gravaron temas para unha maqueta como parte da preproducción dun disco. En xaneiro del 2009 realizamos unha gravación no Teatro Principal de Pontevedra a quinteto sumándose o saxofonista Toño Otero.

Neste verán, xa a cuarteto ou quinteto, tocamos en diversos festivais. En Setembro realizamos outra gravación esta vez a quinteto na que gravamos 9 temas propios. Este C.D. é un resumo do traballo realizado polo cuarteto.

Nestes dous últimos anos incorporouse á banda Felipe Villar á guitarra, e Iago Mouriño ao piano. Estes dous novos músicos aportaron ideas á hora de tocar e novas composicións á formación Chronology que dou un xiro estilístico.

Felipe Villar, guitarra
Yago Mouriño, piano
Pablo Perez Sanmamed, Contrabajo
Chus Pazos, Batería

sábados 14 Volando libre



O grupo eslavo-galaico VOLANDO LIBRE, á procura da liberdade a través da arte, "despega" na cidade de Lugo ala polo ano 2002, voltando a "retomar vo" en outubro de 2010 coa incorporación de Pablo no contrabaixo, logo de un "tráxico accidente aéreo" que lle cortou as ás durante cinco largos anos, tempo no que os seus integrantes aproveitaron para acrecentar aínda máis a súa xa extensa experiencia artística.

Das "primeiras rotas" conta a súa participación na película "El año de la garrapata" (2004).

Alfredo Gómez Sieiro, clarinete
Vadim Yukhnovich, acordeón e voz
Andrey Volodin, guitarra e voz
Pablo Pérez Fernández, contrabaixo

domingo 15 Xrproxet



Xoán Rodríguez Proxet (XRProxet) naceu en Vigo no 2008 coa gravación do seu primer C.D. titulado "Contratempos", este disco é unha fusión de música e músicos/as de Cuba, a India e España. Xoán Rodríguez Proxet é un proxecto no que cada ano é unha nova proposta cunha formación distinta e sempre con algún músico/a invitado/a. Este ano 2012 xunta a cinco músicos relevantes na escea do jazz galego (todos eles licenciados en Jazz en España, New York e Boston) para levar a cabo este proxecto de fusión e latin-jazz titulado "Konfusións" no que hai tanto arranxos de estándares do jazz e latin-jazz como temas orixinais de Xoán Rodríguez e onde o que prima é a improvisación xa sexa na conversa instrumental como nas improvisacións individuais.

XRProxet son:

Xoán Rodríguez, batería
Gustavo Hernán, contrabaixo
Gabriel Peso, piano
Pablo Castaño, saxo

Artistas convidados:

Marcelino Galán, guitarra
Belén Tajés, voz